

Dirección da xornada:

Verónica Martínez Barbero. Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais

Susana Soneira Lema. Presidenta do Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar o aforo.

Persoas destinatarias:

Organizacións empresariais e sindicais, profesionais da avogacía, do Colexio de Graduados Sociais e a todas as persoas relacionadas coa materia que teñan interese en participar.

Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 18 de setembro ao 3 de outubro de 2017, no Consello Galego de Relacións Laborais.

Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

XORNADA

“CLAVES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO PARA A ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO”



Información e inscricións:

Consello Galego de Relacións Laborais

Rúa Algalia de Abaixo, 24

15781 Santiago de Compostela

Tfno. 981 957 489

Fax 981 541 610

e-mail:

maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.gal

Colexio Oficial de Graduados Sociais da Coruña e Ourense

Rúa Monforte, 12 baixo

15007 A Coruña

Tfno. 981 151 876

Fax 981 234 404

e-mail: colegio@graduadosociales.org



CLAVES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO PARA A ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE TRABALLO



A CORUÑA, 4 DE OUTUBRO

Hotel Attica, 21

Rúa Enrique Mariñas, 34

CLAVES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO PARA A ORGANIZACIÓN DO TEMPO DE TRABALO

Organiza: Consello Galego de Relacións Laborais
Colexio Oficial de Graduados Sociais de
A Coruña e Ourense

Data: 4 de outubro de 2017

Lugar: Hotel Attica 21
Rúa Enríque Mariñas, 34
15009 A Coruña

Mércores 4 de outubro de 2017

9.15 Entrega documentación

9.30 Inauguración

9.45 Mesa redonda: “A xornada de traballo no emprego feminino: a contratación a tempo parcial. Xornada irregular”

Sandra García Lombardía

Inspectora de Traballo e da Seguridade Social da
Coruña

Marcos Vázquez Díaz

Responsable de RRHH Pescados Rubén

10.30 Coloquio

11.00 Mesa redonda: “A perspectiva de xénero na xornada de traballo no século XXI”, a cargo das organizacións sindicais e empresarial máis representativas de Galicia (UGT-Galicia, CIG e SN de CCOO de Galicia e a CEG).

12.00 Pausa

12.30 Conferencia: “Conciliación da vida laboral e familiar e xornadas de traballo”

María Teresa Velasco Portero

Doutora en Dereito, Profesora Titular de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade Loiola Andalucía.

13.00 Coloquio

13:45 Clausura

RESUMO DA XORNADA

A organización do tempo de traballo é un elemento clave dentro da función de recursos humanos dunha empresa. A necesaria flexibilidade que impón o mercado á empresa, que ten que axustar a prestación de servizos ás circunstancias da produción, contraponse en moitas ocasións ás necesidades de organización da vida persoal e familiar da persoa traballadora, de maneira que é necesaria unha delimitación de cales son os dereitos e obrigacións de ambas partes do contrato neste tema tan complexo, e de cales son os límites do poder de dirección da empresa neste sentido.

Os avances tecnolóxicos, que nos permiten estar conectados uns con outros desde calquera lugar do mundo e en calquera momento a custo cero, unidos aos cambios sociais que fixeron do teléfono móbil, a mensaxería instantánea e o correo electrónico unha parte máis do noso corpo, fan tamén necesaria unha redefinición dos límites da xornada laboral, e unha reflexión sobre a existencia ou non dun dereito á desconexión.

Por outra banda, a interrelación entre a organización do tempo de traballo e a conciliación de vida persoal, laboral e familiar aconsella unha reflexión sobre os dereitos de conciliación no contexto dos novos modelos familiares.

Todas estas cuestións serán obxecto de debate nesta xornada, que nace cunha vocación de utilidade pública e de formación e cunha finalidade de posta ao día nun tema clave no desenvolvemento da relación laboral e moi influído polos cambios sociais e tecnolóxicos das dúas últimas décadas: A organización do tempo de traballo.